

Conto dun berberecho



Texto por:
M. Anouk Goedknecht

Ilustracións por:
Marion Lalot

Este traballo foi financiado polo Programa da Unión Europea Interreg Atlantic Area, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) para o proxecto “Co-Operation for Restoring Cockle Shellfisheries and its Ecosystem Services in the Atlantic Area” “Cooperación para recuperación das pesquerías do berberecho e dos servizos ambientais que proporciona na Área Atlántica” (COCKLES, EAPA_458 / 2016), www.cockles-project.eu.



Texto por M. Anouk Goedknecht

Ilustracións por Marion Lalot

Coa colaboración de Ole Müller e Jack Russel

Tradución ao galego por Silvia Lorenzo Abalde

Abril 2020

Conto dun berberecho

Texto por:
M. Anouk Goedknecht


Ilustracións por:
Marion Lalot

Había unha vez, un pequeno berberechiño, chamado Mick.

Un día ao espertar sentiu que algo ía mal. Non había area ao seu redor, e iso era moi raro.

Cando abriu a súa cuncha para tomar o almorzo, resultou que non había algas que comer.

E, cando con moito coidadiño, botou o seu pé fóra, non puido sentir outra cousa máis que unha estraña superficie rugosa.



Entón, Mick oíu algunhas voces estrañas.

“Mira Sophie, aquí é onde traballo todo o día.

Oh, Luís acaba de traer uns berberechos frescos que temos que preparar para a cea desta noite dos alcaldes.

Síntome moi honrada de que escolleran o noso restaurante para celebrar a súa festa de aniversario.

Mira que preciosos son! Oh, pero éste de aquí aínda é demasiado pequeno...”

Mick sentiu como o collían, mentres que o seu estómago parecía que se lle dese volta.

Esta debe de ser a mesma sensación que describía o meu tío cando fora atrapado por un paxaro.

El dixo que escapara propinándolle unha patada nun ollo.

O tío Paco contou a historia millóns de veces e tiña cicatrices na súa cuncha para demostrala.





Mick non podía crer que lle estivese sucedendo o mesmo.

Empezou a tremer de medo.

“Sophie, coida ti agora deste pequeno berberechiño.

Atópalle un fermoso lugar onde poida facerse grande e forte, así esperemos que poidamos usalo para facer a cea para un convidado importante no futuro.

Mick sentiuse quentiño e cómodo cando Sophie puxo o pequeno berberecho no peto.

Na casa díxolle a Mick:

“Vou coidar de ti, berberechiño.

Asegurareime que ninguén te coma na súa cea!”


Despois, foi ao xardín e cavou un pequeno burato xunto ás flores.

Puxo a Mick dentro do burato e dixo:

“Regareite tódolos días e comprobarei que vas medrando.”

Entón, botou con coidadiño algo de terra por riba de Mick.

Por fin Mick sentíase de novo a salvo.



Algo o estaba cubrindo, pero non se sentía igual que na area da súa casiña.

Ademais, tamén cheiraba diferente.

De súpeto, Mick sentiu auga caíndo sobre el, coma se estivese a chover.

A auga rodeouno rapidamente.

Mick pensou que por fin podería tomar o seu delicioso almorzo de algas.

Abriu a súa cuncha e comezou a comer, pero nada máis tomar un bocado, botouno fóra.

Alí non había algas!

Sabía máis ben como a caca de ostra que comera unha vez accidentalmente cando era pequeno.

“Como acabei no váter dunha ostra?” –
Preguntouse.



Mick foi collido de novo, empezaba a acostumarse a ser movido dun sitio para outro, pero non lle gustaba.

O tío Paco debe de ter razón.


Algunhas aves non son moi intelixentes...

“Natureza? Que é a natureza?” - Preguntouse Sophie.

“Pode que a natureza sexa onde hai moito espazo verde, sen coches nin xente.

Alí debe de haber auga tamén, senón, o pequeno berberecho non poderá crecer.”

De súpeto, sóuboo.




“O río!” – Exclamou. O río onde sempre xogara as fins de semana.

Colleu a bici e dirixiuse cara á beira do río.

Cavou rapidamente un burato e puxo ao pequeno berberecho nel.

Mick sentiuse aliviado.

O lugar era bo e fresco, con auga clara por riba del.




Pero... antes de que puidese abrir a súa cuncha, foi arrastrado fóra do burato.


Mick foi sacudido e levado a rebolos polo río.

Entón, o estraño paxaro volveuno levantar.

“Este non é o sitio axeitado para ti, pequeno berberecho.

Necesitaremos un lugar onde a auga non se mova tan rápido” – Dixo Sophie.





Sophie colleu a súa bicicleta e dirixiuse á beira do mar.


De xogar nas rochas, sabía que había pozas onde a auga estaba tranquila.

Ás veces atopaba alí peixiños diminutos e camaróns.

Trepou polas rochas e colocou ao berberecho nunha pequena poza.

“Aquí estarás feliz, berberechiño” - Dixo Sophie.

Subiu a unha rocha e observou ao berberecho na súa nova casa durante un tempo.



Non había moita area, pero a Mick gustoulle a auga salgada.

Cando sentiu que xa non había a forte corrente de antes, volveu a abrir a súa cuncha.


A esta hora xa tería perdido o almuerzo e o xantar!

De súpeto, escoitou que algo se aproximaba.

Antes de que o recoñecese, unha pata laranxa entroulle na súa cuncha.

“Cangrexos!” - Pensou.

“Os cangrexos son perigosos para os berberechos!”



“Noooooon” - Berrou Sophie.

Levantou ao pequeno berberecho unha vez máis, pero o cangrexo non o soltou.

Mick foi zarandeado dun lado a outro, provocando de novo malestar no seu estómago.

Xa tivera nalgunha ocasión algún mal día, pero este era sen dúbida a peor experiencia da súa vida.

Sophie tamén estaba afectada pola experiencia.

Volveu meter ao pequeno berberecho no seu peto e voltou a casa en bici tan rápido como puido.

“Que che pasa, Sophie?” - Preguntoulle a súa mamá.

Sophie contoulle toda a historia.

“Eu non quero que este pequeno berberecho se converta nunha cea”, choricou.

“Pero non consigo atopar un fogar seguro para el.”


“Oh, Sophie” - Dixo a mamá. “Ven aquí.”

A mamá de Sophie deulle unha grande aperta.

Mick quedou oprimido entre Sophie e a súa nai,
Pero polo menos non era tan malo como ser
atacado polo cangrexo.

Mick comezaba a perder toda esperanza.

Xa non lle importaba nada e comezou a chorar.




“Sophie, sei exactamente o lugar onde podemos ir.” - Dixo a mamá.

“Pero primeiro tes que ir á praia e coller algo de auga de mar, así o pequeno berberecho poderá manterse vivo.”

Cando Sophie chegou á casa coa auga, meteu ao berberechiño no caldeiro.

Entón dirixíronse a un lugar onde Sophie nunca antes estivera.



Sophie e a súa nai baixaron do coche e pararon nun gran sinal.

“O sinal di que isto é un parque natural” - Dixo a mamá.

“Isto significa que a xente non pode levar berberechos a casa para cear.


Aquí hai moitos máis berberechos.

O teu berberecho está máis seguro aquí que pola súa conta.

Veña, enterra o teu berberecho entre os demais.”

Sophie fixo o que lle pediu a súa nai e enterrou axiña o seu pequeno berberecho.

“Adeus, berberechiño” - Murmurou Sophie.



Mick sentíase tan triste que nin se decatou de que xa estaba de volta en casa.

Á mañá seguinte, Mick espertou coa marea subindo pasando sobre el.

Finalmente, sentiu a area reconfortante que o rodeaba.

Atopábase por fin en casa?

Levoulle un tempo antes de que se atrevese a abrir a súa cuncha.

A auga sabía igual que na casa.


“Isto significa comida!”

Por fin Mick podía comer!

Comeu tanto que foi como almorzar, xantar e cear ao mesmo tempo.

“Foi o mellor paxaro que coñecín nunca “-
Pensou Mick felizmente.

Entón, caeu nun longo, profundo e feliz sono.





cockles